



**Cristina Andreu**  
Veterinaria

## Granxas leiteiras intensivas e... sostibles?

Gustaríame propoñerlle a todo aquel que lea estas liñas un exercicio moi sinxelo. Trátase de buscar en Google as palabras “marcas de leite” e seleccionar (debaxo da barra de procura) a opción “imaxes”. Cunha ollada rápida á pantalla descubriremos unha constante en todas as botellas e nos cartóns de leite: a fotografía (ou debuxo) dunha ou varias vacas leiteiras sobre o omnipresente fondo verde dun prado. Algo moi parecido sucederíanos se nos sentásemos fronte ao televisor e vísemos os anuncios publicitarios das distintas empresas que comercializan ese leite. Con todo, custa traballo recordar un só anuncio no que aparezan esas mesmas vacas nun establo, comendo na cornadiza, botadas nos cubículos ou camiño á sala de muxido.

Nos anuncios cada vez é máis habitual que ás vacas pastando lles acompañen termos como “benestar animal”, “saudable”, “natural” ou “sostible”, algo que contribúe a que os consumidores (que na súa maioría non tiveron nunca a oportunidade de pisar unha granxa leiteira) idealicen este tipo de produción (extensiva) e cuestionen (e algúns ata estigmaticen) a produción intensiva.

Aínda que na publicidade o *marketing* sempre mostra a cara máis amable de todo aquilo que pretende vender, nun momento no que os produtos etiquetados como “bio”, “orgánico”, “eco” e “vegano” inundan os andeis dos supermercados, o sentido crítico é máis necesario que nunca. Este artigo é unha invitación a reflexionar sobre ata que punto a sostibilidade está enfrontada coa produción intensiva ou se, pola contra, sostibilidade e produción leiteira intensiva van da man. Algúns datos que poden axudarnos a entender a relación entre produción intensiva e

sostibilidade atopámoslos nun estudo publicado hai case unha década por investigadores da Universidade de Cornell, nos Estados Unidos<sup>1</sup>. Nel compárase o impacto ambiental da produción leiteira nas explotacións americanas de 1944 e de 2007. Para iso constrúen un modelo matemático no que contabilizan os recursos necesarios (animais, alimentación e enerxía) e residuos (xurros e emisións de gases contaminantes) por cada litro de leite producido.

No ano 1944 os Estados Unidos contaban cun total de 25,6 millóns de vacas de leite (das que menos da metade eran Holstein) e cuxa produción anual media era de 2.074 kg (producción total de leite: 53.000 millóns de kg). A base da alimentación das vacas era o pastoreo e a ración suplementábase cunha cantidade limitada de concentrado (características que, xunto coa restrición no uso de fertilizantes e de antibióticos, apuntan os autores do estudo, son similares ás que teñen as actuais granxas ecolóxicas/orgánicas). Pola contra, a produción anual media das vacas leiteiras nos Estados Unidos en 2007 alcanzaba os 9.193 kg (producción total: 84.200 millóns de kg) e había un total de 9,2 millóns de vacas leiteiras. As explotacións (cuxa práctica totalidade de animais son de raza Holstein) seguen un sistema de “alto *input*-alto *output*”, con alimentación baseada en racións *unifeed* formuladas para cubrir os altos requirimentos nutricionais e programas de manexo que maximizan a produción leiteira.

A cuantificación dos recursos empregados en cada un dos dous sistemas de produción neste estudo reflicte cifras abraianteas: no ano 2007 requiríase na produción de 1 kg de leite un 23 % do penso, un 35 % da auga e un 10 % da terra que se necesitaban en 1944.

► EN 2007 REQUIRÍASE NA PRODUCCIÓN DE 1 KG DE LEITE UN 23 % DO PENSO, UN 35 % DA AUGA E UN 10 % DA TERRA QUE SE NECESITABAN EN 1944

▶ A EFICIENCIA PRODUTIVA É A CLAVE DE POR QUE OS SISTEMAS DE PRODUCCIÓN INTENSIVA ACTUAIS PODEN CONSIDERARSE MÁIS SOSTIBLES QUE OS SISTEMAS EXTENSIVOS TRADICIONAIS

Ademais, o impacto ambiental da produción intensiva é considerablemente inferior ao da produción tradicional: por cada litro de leite producido en 2007 orixinábanse un 24 % dos xurros, un 43 % do metano e un 56 % do dióxido de nitróxeno dos que se producían por litro de leite en 1944. Para rematar, o estudo conclúe que a pegada de carbono dun litro de leite producido no ano 2007 era o 37 % da que se emitía por litro de leite no ano 1944.

Un mellor uso dos recursos naturais e a redución do impacto ambiental son dous alicerces nos que se fundamenta a sostibilidade. Por ese motivo podemos afirmar que a eficiencia produtiva é a clave de por que os sistemas de produción intensiva actuais poden considerarse máis sostibles que os sistemas extensivos tradicionais.

O estudo de Capper e colaboradores constata que para producir 100.000 millóns de kg de leite en 2007 era necesario só o 21 % das vacas que se necesitaron en 1944 para producir esa mesma cantidade. Este feito non se deu de forma illada nos Estados Unidos. En moitos países (entre eles o noso) a produción de leite aumentou, á vez que disminuía o número de vacas leiteiras, froito da intensificación e dos cambios que experimentaron as explotacións leiteiras ao longo dos anos. Especiais protagonistas (e responsables) desta maior eficiencia produtiva son a selección xenética e as melloras en alimentación e de manexo nas granxas (co uso de racións *unifeed* formuladas para a alta produción, a posta

en marcha de programas sanitarios preventivos, o uso da inseminación artificial e o control reprodutivo).

Por iso, e malia que o modelo de produción intensivo necesita facer fronte a non poucos retos (como a necesidade urxente e imperiosa de reducir a utilización de antibióticos ou a mellora continua na sanidade e benestar animal, ademais dos medioambientais), é de xustiza recoñecer (e trasladarlles aos consumidores que poidan ter unha percepción deformada da produción intensiva) que este sistema non soamente permite producir leite a uns prezos accesibles senón que tamén o fai usando de forma máis eficiente os recursos e con menor impacto ambiental que os sistemas extensivos. ■

<sup>1</sup>Capper JL, Cady RA, Bauman DE. The environmental impact of dairy production: 1944 compared with 2007. *Journal of Animal Science* [Internet]. Oxford University Press; 2009 [citado o 15 de novembro de 2018]. p. 2160-7. Dispoñible en: <https://academic.oup.com/jas/article/87/6/2160-2167/4731307>